

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 20 DE OUTUBRO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Herminia Pouso Maneiro
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte de outubro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 8 de setembro de 2016, 15 de setembro de 2016, 22 de setembro de 2016 e 29 de setembro de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 18/10/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


Número de relación	2016 - 000037
Importe total	193.927,34 €
Número de facturas	55
1ª factura.	
Emisor (Cif)	52459880P
Importe	497,60 €
Última factura	
Emisor (Cif)	X4108013Y
Importe	14,50 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	17/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Material diverso (Plantas, malla, substrato,...) para acondicionamento da rotonda de Abesadas pola especialidade de xardinería do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.			
NIF/CIF:	B15847460			
Importe (IVE Incluído):	659,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	2	Data	18/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de desbrozadora Stihl (novembro 2016 a febreiro 2017) para prácticas da especialidade de xardinería do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BARRAL HERMANOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BARRAL HERMANOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15224769		
Importe (IVE Incluído):	669,00 €		
Observacións:			



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	18/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizos de consultoría para a posta en marcha da estratexia urbana de crecemento sostible para o Concello de Riveira (Requisito establecido no apartado segundo da resolución da Comisión de Valoración según publicación do BOE nº 239 de data 03/10/2016)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	IDOM INGENIERÍA Y CONSULTORÍA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	IDOM INGENIERÍA Y CONSULTORÍA, S.A.		
NIF/CIF:	A48283964		
Importe (IVE Incluído):	21.175,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		4	Data	17/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Avaliación do “II Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Riveira (II PIOM)” e para a elaboración do “III Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Riveira (III PIOM)”		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SENES CIT, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SENES CIT, S.L.			
NIF/CIF:	B15724719			
Importe (IVE Incluído):	5.539,33 €			
Observacións:				


MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 13/16:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 21/10/2016 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 13/16**, co motivo da resolución da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP nº 199 do 20/10/2016, pola que se concede unha subvención ao Concello de Riveira para a "Contratación de persoal para a dinamización da Sala Museo de Riveira e para a dinamización do Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque"; e de acordo co seguinte detalle:

XC 13/16

Partida de gasto		
Clasificación por programas	Clasificación económica	Aumento





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

334	160.00	28.000,00 €
Total		28.000,00 €
Concepto de ingreso		Aumento
461.14		28.000,00 €
Total		28.000,00 €

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor acctal., Jorge González Mariño de data 20/10/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación a **Xeración de Crédito 13/16** proposta pola Alcaldía.

PAGO DE DÉBEDAS A NOME DO CONCELLO ANTE A XUNTA DE GALICIA - EXPEDIENTES 2016/27/000/00459 E 2016/79/630/02004

Visto que o Concello de Riveira figura como debedor ante a Xunta de Galicia segundo expedientes:

2016/27/000/00459 polo importe de 600,00 euros

2016/79/630/02004 polo importe de 59,23 euros

Considerando o deber de estar ao corrente coa Xunta de Galicia aos efectos das subvencións a solicitar e xustificar.

Considerando que a débeda xerada polo importe de 59,23 euros resulta dunha solicitude feita por Maria Antonia Diaz Traijovich co DNI 52453561-Z, por ocupación temporal en terreos cuxa competencia recae en Portos de Galicia.


Considerando que a débeda xerada polo importe de 600 euros resulta dunha resolución dun expediente sancionador PESAN1 2013/000180-2 contra a Lonxa de Riveira notificado ao Concello co rexistro de entrada nº 4252 e data 08.04.14.


En base ao anterior, visto o informe da intervención municipal de data 19.10.16, que figura no expediente, e vista a proposta da Alcaldía de data 19.10.16, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Como consecuencia das razóns expostas no expte., realizar os seguintes pagos:

- 600,00 euros que figuran no documento de pagos co nº de xustificante 707160056420 1.
- 59,23 euros que figuran no documento de pagos co nº de xustificante 707160056421 0.

Segundo.- Que se elaboren por parte dos servizos de Intervención os documentos contables de recoñecemento da obriga.





Terceiro.- Que os documentos de recoñecemento da obriga se pasen ós servizos de Tesourería para que se abonen de conformidade coa normativa de aplicación e as disponibilidades da Corporación.

Cuarto.- Que se proceda á notificación a María Antonia Díaz Traijovich co DNI 52453561-Z, co obxecto de que proceda ao reintegro de gastos polo importe de 59,23 euros ao Concello de Riveira.

INDEMNIZACION SENTENZA Nº 157/2016 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, RELATIVA AO AUTO Nº 923/2013 SOBRE A SEGURIDADE SOCIAL.

Vista a sentenza no 157/2016 pola que se estima parcialmente a demanda recoñecendo o dereito do empregado municipal D. Gerardo Antonio Cobas Crussat a percibir a prestación de incapacidade permanente absoluta recoñecida polo INNS, pero calculada sobre unha base reguladora de 1.492,51 €, e resultando o Concello obrigado a abonar a pensión que xorde da diferenza resultante entre a base reguladora de 1.266,46 € e a recoñecida polo Xulgado de 1.492,51 €.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 07.07.16, no que establece que se proceda ao cumprimento da sentenza nº 157/2016.

Vista a cuantificación elaborada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social segundo nº de reclamación 1516017574356 de data 18.10.16 polo importe de 53.438,05 euros.

Tales actuacións atópanse documentadas no expte “auto nº 923/2013 sobre Seguridade Social” do Xulgado do Social Nº 3 de Santiago de Compostela, obrigando ao Concello ao abono dunha indemnización de 53.438,05 euros.

En base ao anterior, e visto o informe da intervención municipal de data 20.10.16, que figura no expediente, que figura no expediente, e vista a proposta da Alcaldía de data 20.10.16, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Como consecuencia das razóns expostas no expte, realizar o pago dos 53.438,05 euros que figuran na notificación co nº de reclamación 1516017574356 de data 18.10.16.

Segundo.- Que se elaboren por parte dos servizos de Intervención os documentos contables de recoñecemento da obriga.

Terceiro.- Que os documentos de recoñecemento da obriga se pasen ós servizos de Tesourería para que se abonen de conformidade coa normativa de aplicación e as disponibilidades da Corporación.





III.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “IMPERMEABILIZACIÓN DE GRADA E CUBERTA DO VESTIARIO DO CAMPO DE FÚTBOL DE AGUIÑO”.

O vestiario do campo de fútbol de Aguiño, situado baixo a grada sur, presenta abundantes humidades debido a que ten a cuberta deteriorada e filtra a auga de chuva, polo que é preciso reparala para que os usuarios poidan utilizalo con normalidade.

Segundo a Memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, a execución dos traballos ascende a un importe total de 12.382,43 euros (valor estimado do contrato: 10.233,41 euros; IVE 21%: 2.149,02 euros), e ten un prazo de execución de 1 mes.

As obras están financiadas pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, segundo resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO102: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2016 (publicada no BOP n.º 135, da data 18/07/2016)

Consta no expediente a notificación da Resolución ditada pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da data 27/09/2016, de autorización para realizar as obras, que tivo entrada neste Concello na data 03/10/2016, co número 12.773 (expediente A-2015/166).

A fin de contratar as obras solicitáronse e presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Orzamento	Data	Prezo total (IVE 21%)
Construcciones Nima, S.L.	95/16	21/09/2016	10.905,34 euros
Serdeco Contratas, S.L.	---	21/09/2016	11.144,10 euros
Construcciones Anspal, S.L.	---	06/10/2016	11.514,94 euros


Para realizar as obras existe consignación orzamentaria, segundo o documento contable “RC” expedido polo interventor accidental na data 18/10/2016 (número de operación 2016 22015859), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 342 61901.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vista a proposta de contratación a favor de "Construcciones Nima, S.L.", asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/10/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar a Memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, para realiza-las obras de **"Impermeabilización de grada e cuberta do vestiario do campo de fútbol de Aguiño"**, cun orzamento de execución por contrata de 12.382,43 euros (valor estimado do contrato: 10.233,41 euros; IVE 21%: 2.149,02 euros), e un prazo de execución de 1 mes.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, como contrato menor.

Terceiro.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 61901.

Cuarto.- Adxudicar o contrato menor para realizar as obras de "Impermeabilización de grada e cuberta do vestiario do campo de fútbol de Aguiño" á empresa "Construcciones Nima, S.L." (NIF nº B15405335), no prezo total do contrato de 10.905,34 euros (Base: 9.012,68 euros; IVE 21%: 1.892,66 euros), segundo o seu orzamento nº 95/16, da data 21/09/2016.





Quinto.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 6/15 E SOLICITUDE DE LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA DE 2 MESAS CON OCUPACIÓN ANUAL E INSTALACIÓN DE MÁMPARA.

FINALIDADE DA LICENZA: Instalación de terraza de 2 mesas con ocupación anual e mampara.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

SITUACIÓN: Rúa General Espartero nº 3, Baixo, Riveira.

REFª CATASTRAL: 0815614NH0101N0001TF.

PROMOTOR/A: Manuel Martínez Cortizo, (CAFÉ-BAR 7 PULGADAS).


Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes


ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Manuel Martínez Cortizo en escrito rexistrado de entrada na data 22.5.15, (Rexistro de entrada nº 5.187), solicitábase licenza para instalación de terraza de 2 mesas con ocupación anual e mampara na rúa General Espartero nº 3, baixo, no denominado CAFÉ-BAR “7 PULGADAS”.

2.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 2 de xuño de 2015 no que analiza a solicitude en **sentido favorable** o axuste da terraza pretendida ás determinacións da Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría aprobada polo Pleno do Concello de Riveira na data 29.10.12 e modificado polo Pleno do Concello de Riveira na data 28.10.13, agás no que respecta a presentación de autoliquidación correspondente.

3.- Posteriormente como consecuencia das actuacións de inspección realizadas polo Concello de Riveira, comprobouse que a instalación da terraza solicitada na rúa General Espartero nº 3, baixo, no denominado CAFÉ-BAR “7 PULGADAS”, promovidas polo Sr. Manuel Martínez Cortizo, levabase a cabo sen ter concedida de modo expresa a licenza municipal de ocupación, polo que como consecuencia do anterior por Decreto de Alcaldía de data 24 de novembro de 2015 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 6/15 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de





ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Manuel Martínez Cortizo na data 25 de novembro de 2015.

5.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

6.- Notificado este emprazamento o Sr. Manuel Martínez Cortizo non presenta alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03

Segundo.- Artigo 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría aprobada polo Pleno do Concello de Riveira na data 29.10.12 e modificado polo Pleno do Concello de Riveira na data 28.10.13.


Cuarto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 15.6.11.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, e atendendo ao informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 2 de xuño de 2015 de acordo co establecido polo artigo 6 da ordenanza fiscal do Concello de Riveira, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/03/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Sr. Manuel Martínez Cortizo, **LICENZA DE OCUPACIÓN CON CARACTER ANUAL DE TERRAZA DE 2 MESAS E INSTALACIÓN DE MÁMPARA**, nos termos da documentación redactada por José Ramón Boo Pego no CAFÉ-BAR "7 PULGADAS" sito na rúa General Espartero nº 3, baixo, en parcela con refª catastral nº 0815614NH0101N0001TF.

Segundo.- DISPOÑER, o LEVANTAMENTO DA PARALIZACIÓN DAS OBRAS promovidas por Sr. Manuel Martínez Cortizo segundo a documentación redactada por José Ramón Boo Pego e proceder ao **ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 6/15.**





Terceiro.- Dita autorización deberá cumprir o disposto pola Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría do Concello de Riveira establecendo o artigo 6.1 que *"o horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1.30 da madrugada nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro e ata as 12.00 da noite durante o resto do ano entre semana e ata a 1.00 da madrugada en venres e sábados, podendo prorrogarse en época de festas. As autorización poderán ser anuais ou de ocupación turística. Entendendo de ocupación turística as que comprenden o período de Semana Santa e do 1 de xuño ao 30 de setembro, ambos inclusive, e anual as que van desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos"*.

Cuarto.- Se polos técnicos do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia das autorizacións aprécianse desviacións no correcto funcionamento das terrazas respecto ás condicións impostas na citada autorización, procederase a inmediata actuación de acordo co réxime disciplinario e sancionador disposto na Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría do Concello de Riveira.

Quinto.- Asimesmo a autorización concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da autorización, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Mariño Dieste**, de data 14/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.389), no que solicita certificación urbanística relativa a parcelas situadas en Bouzón do Carballal.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 17/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral 15074A007004780000KD - 15074A007004790000KX - 15074A007004760000KK

Se solicita informe sobre si as fincas arriba mencionadas están incluídas dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo Galicia (2/2016)

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, as fincas están clasificadas como Solo Rústico Común, co que se pode afirmar que cumpren o citado artigo da Lei do Solo Galicia.

2.- Visto o escrito presentado por **Jaime Villar Paulo**, de data 07/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.064), no que solicita certificación urbanística relativa a parcela situada en Rúa das Américas (Aguíño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral 8784104MH9088S0001ZP

Se solicita certificación de que a finca arriba mencionada linda coa Rúa Pimentel e Rúa das Américas.


Persoados os servizos técnicos municipais na finca, se informa que linda polo Leste coa Rúa das Américas e polo Oeste con Rúa Pimentel.

3.- Visto o escrito presentado por **Manuel Silva Pérez**, de data 20/09/2016 (Rexistro de entrada nº 12.049), no que solicita certificación de natureza de camiño situado en Aguíño.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 14/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

“Se solicita información sobre el carácter público o privado de un camino, transversal a Rúa Castelao. Con la documentación obrante en la Oficina Técnica no hay posibilidad de determinar lo solicitado.





Personados los Servicios Técnicos en el lugar se pudo tener acceso a las escrituras de dos fincas lindantes con el camino. En una de ellas, denominada "Asiento" (Finca 1), por el Sur, linda con camino de carro. En la otra (Finca 2), por el norte, linda con camino de pies, luego de carro.

En vista de la documentación examinada, parece indudable el carácter público del camino.

Referencias catastrales:

Finca 1: 9086012MH9098N0001EY

Finca 2: 9085102MH9098N0001IY"

4.- Visto o escrito presentado por **Manuel Ayaso Parada**, de data 07/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.005, no que solicita certificación de natureza de camiño situado en Aguiño.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 17/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

"Se solicita información sobre el carácter público o privado de un camino, transversal a Rua Castelao. Con la documentación obrante en la Oficina Técnica no hay posibilidad de determinar lo solicitado.

Personados los Servicios Técnicos en el lugar se pudo tener acceso a las escrituras de dos fincas lindantes con el camino. En una de ellas, denominada "Asiento" (Finca 1), por el Sur, linda con camino de carro. En la otra (Finca 2), por el norte, linda con camino de pies, luego de carro.

En vista de la documentación examinada, parece indudable el carácter público del camino.

Referencias catastrales:

Finca 1: 9086012MH9098N0001EY


Finca 2: 9085102MH9098N0001IY"


IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Nieves Santiago Muñiz**, de data 05/10/2016 (Rexistro de entrada nº 12.912), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa Lorenzo Mene, 33 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/10/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder a **Nieves Santiago Muñiz** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, e pintado de liña amarela según indicacións do citado informe, na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa Lorenzo Mene, 33 (Palmeira).


- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por **Lampón Lampón Abogados** no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en data 10/10/2016 nº 166752/RX2658270, e rexistrado de entrada no Concello de Riveira en data 14/10/2016 co nº 13.309, no que solicita que por parte dos entes responsables se tomen as medidas urxentes co fin de paliar os cuantiosos danos causados nos inmoibles afectados pola construción e desenvolvemento tanto do E.D.A.R. de Riveira, así como da apertura da nova vía urbana incluída na execución das obras, sitos na intersección da Rúa Paxariños coa Rúa Río do Mar (Castiñeiras).

2.- MODIFICACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN DE ASISTENTES Á ACTIVIDADE “ENCONTRO DO MAIOR 2016”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 18/10/2016, en relación á modificación das condicións de participación de asistentes á actividade “Encontro do Maior 2016”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 06/10/2016, por mor da demanda de persoas non residentes pero que tributan





neste concello por distintos conceptos, así como de persoas maiores de concellos limítrofes interesados en participar neste evento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a modificación das condicións de participación de asistentes á actividade "Encontro do Maior 2016", aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 06/10/2016, nos seguintes termos:

- Persoas que tributen neste Concello
- As persoas non residentes, veciñas de concellos limítrofes, poderán inscribirse o 24 e 25/10/2016.


**3.- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO T.S.X. GALICIA CON/AD SEC.3 003 A CORUÑA
- PO 0007655/2012**


VISTO o oficio remitido polo TSX de Galicia, contencioso administrativo secc.3, sobre certificación de sentenza firme recaída no **PO 0007655/2012** (*interposto por Manuel García Ramos e outros contra desestimación presunta de sendas reclamacións patrimoniais de 31-10-11 contra o Concello de Riveira e contra Augas de Galicia derivadas das verteduras de augas residuais sen depurar causando danos a Polígono de cría de mexillón no período 17-06-11 a 14-03-2012, quedando vedada a comercialización do mexillón para a súa venda en fresco*), así como o expediente administrativo correspondente para que no el prazo de DEZ DÍAS se leve a puro e debido efecto o que nela se determina.

VISTO que de acordo co fallo da referida sentenza se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo presentado polo contrario contra a desestimación presunta do Concello de Riveira de 31-10-11, cuxa actuación municipal se declara contraria a Dereito e en consecuencia se determina a responsabilidade patrimonial municipal polos danos e prexuízos derivados, condenando ao Concello de Riveira a que indemnice aos actores, na contía proporcional que resulte do explicado no fundamento de dereito cuarto, á suma total de 273.375,00 euros (Ahora **202.965,45 euros** - cantidade corrixida en Auto do TSX de Galicia, contencioso administrativo secc.3, de data 31/05/2016) cos xuros legais que puideran devengarse desde a data da presente resolución xudicial (20 de abril de 2016).

CONSIDERANDO que de acordo co disposto no art. 106 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa

1.- "Cuando la Administración fuere condenada al pago de cantidad líquida, el órgano encargado de su cumplimiento acordará el pago con cargo al crédito correspondiente de su presupuesto que tendrá siempre la consideración de ampliable. Si para el pago fuese necesario realizar una modificación presupuestaria,





deberá concluírse el procedimiento correspondiente dentro de los tres meses siguientes al día de notificación de la resolución judicial.

2. A la cantidad a que se refiere el apartado anterior se añadirá el interés legal del dinero, calculado desde la fecha de notificación de la sentencia dictada en única o primera instancia.....”

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Acusar recibo da referida sentenza.

Segundo:- Iniciar o expediente correspondente á modificación orzamentaria necesaria para facer fronte ás obrigas económicas derivadas do fallo da referida sentenza, que en todo caso, deberá concluírse dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial.

Terceiro:-Comunicar o presente acordo aos Departamentos Municipais de Secretaría, Intervención e Tesourería Municipais para que procedan ao cumprimento estrito do presente acordo.

Cuarto:- Notificar o presente acordo á sala do contencioso administrativo secc.3 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Quinto:- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2016-2017


Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 19/10/2016, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017


Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Fernández Ramallo, Sergio	53795068T	USC, Grao en Mestre de Educación Primaria
Pérez Sieira, David	53488636C	USC, Grao en Comunicación Audiovisual IES Lamas de Abade, Santiago, Estética Integral e
Lijó Vilas, Uxía	53488097X	Benestar
Barandela Rey, Noemí	53487903T	USC, Grao en Medicina
Señoráns Argibay, Darío	53487601C	USC, Grao en Medicina CPR Premir adscrito ao IES Fontiñas, Santiago,
Peñuela Medina, Santiago	X8566859A	Grao Medio de Comercio





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Fernández Novoa, Yago	53796275B	USC, Máster universitario en Xestión e Dirección Laboral CPR Premir adscrito ao IES Fontiñas, Santiago, Grao Medio de Comercio
Torrado Ruiz, Coral	53489007T	USC, Grao en Mestre de Educación Primaria
Lago Sampedro, Cristina	53796222G	USC, Grao en Literatura Galega
Sampedro Pérez, Bárbara	54225510C	CIFP Compostela, Lamas de Abade, Cociña e Gastronomía
Prada Rodríguez, Miguel	53481533R	UDC, Grao en Enxeñaría Industrial
del Río Iglesias, Alain	53488593T	USC Grao en Enxeñaría
Hermida Álvarez, Roberto	53796108M	CIFP Ánxel Casal, A Coruña, 2º imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear (ciclo formativo de grao superior)
Príncipe Casahuaman, Blanca Estrella	54226613L	CIFP A Farixa, 2º curso Ciclo Superior Producción Audivisual
Ordóñez Zuleta, Óscar Andrés	54225492W	
Destino Santiago - Lugo		
Sobrido García, Brian	54224060L	USC, Campus Lugo, Grao en Administración e Dirección de Empresas
Destino Santiago - Ourense		
Ordóñez Zuleta, Óscar Andrés	54225492W	CIFP A Farixa, 2º curso Ciclo Superior Producción Audivisual
Destino Pontevedra		
Tomé Sanlés, Manuel	53798276B	IES Sánchez Cantón, Pontevedra, Centro de Tecnificación Deportiva
Destino Vigo		
López Castaño, Rubén	53488404H	UVIGO Grao en Enxeñaría Industrial

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 20 de outubro de 2016

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle